


# Gran

## I. A publicidade

A publicidade é algo que temos moi presente no noso día a día no documental podese ver que saíndo á rúa estamos repletos de anuncios que nos fan comprar facilmente.

A publicidade véndenos o mundo aspiracional, "Quero isto porque quero ser coma esa persoa".



## II. Estratexias

Utilización de carteis cos seus anuncios, o seu logo... Os carteis colócanse en lugares concurridos.

Nos xornais, para que a xente que os lea non sinta rexeitamento contra ela, intentan introducir a publicidade como unha información máis.

Por exemplo na televisión, nas series aparecen produtos de forma indirecta .



## III. Alimentación e estética

Utilizar un elemento e darlle a categoría de novidade atrapando ao público xa que estes descoñecen a composición do produto.

Obsesión polo corpo e caída da autoestima, xente de pouca idade preocúpase cada vez máis polo seu físico.

Detrás disto existe un negocio como o das operacións estéticas.



## IV. Educación

O profesores falan sobre que a educación contra o consumismo ten que ensinarse na casa, pero ademais nos colexios teñen que ensinar as consecuencias deste problema que afecta a sociedade actual.

Algúns dos entrevistados falan sobre como os anuncios fan que a xente pense que por levar unha zapatillas de marca o algún obxecto de valor son máis felices cando realmente non é así .



# Superficie

## V. Consumo

Na actualidade, poderíamos considerarnos unha sociedade consumista, xa que mercamos un obxecto, despois cando está pasado de moda o desbotamos e cando volve unha tendencia a popularizarse mercamos esas cousas novas.



## VI. Grandes superficies

Na actualidade os centros comerciais convertéronse no centro de ocio da xuventude cando antes era a rúa. Ese feito leva ao consumo, xa que ao estar en centros comerciais moitas veces nos vemos impulsados a comprar sen necesidade, tamén os centros comerciais adoitan estar na periferia: ir ata alí tamén é algo que conleva un gasto de dinero do que moitas veces non nos damos conta.



## VII. Entorno

Por culpa do consumismo creáanse moitos produtos de usar e tirar, xa que as grandes empresas saen beneficiadas economicamente e non teñen que pagar impostos de residuos. Á súa vez ao xerar tantos produtos gástanse moitos recursos de materias primas antes de que se poidan repoñer e xéranse montos residuos innecesarios.



## VIII. Infelicidad

A infelicidade é algo que está causada polo consumismo, xa que cada vez necesitamos comprar máis porque nos aburrímos moi rápido dos produtos.

